CA1.4 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflectan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados.	Realización de exercicios sobre diferentes aspectos da civilización grega.	TI	20
CA2.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Acercamento ao comentario de obras artísticas gregas.		
CA3.8 - Relacionar os cambios nos estilos de vida tradicional e contrastalos cos que son saudables e sustentables na contorna, a través de comportamentos respectuosos coa propia saúde, coa dos demais e cos outros seres vivos, tomando conciencia da importancia de promover o propio desenvolvemento persoal.	Comparar nun cadro vida cotiá grega coa actual.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información.

Contidos

- Sociedade do coñecemento. Introducción aos obxectivos e estratexias das Ciencias Sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais.
- Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. A visión dos dilemas do mundo actual, punto de partida para o pensamento crítico e o desenvolvemento de xuízos propios.
- Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico.
- As fontes históricas e arqueolóxicas como base para a construción do coñecemento histórico. Obxectos e artefactos como fonte para a historia e o legado material. O significado dos arquivos, bibliotecas e museos e do legado histórico e cultural como patrimonio colectivo.
- Condicionantes xeográficos e interpretacións históricas do xurdimento das civilizacións. As grandes rutas comerciais e as estratexias polo control dos recursos: talasocracias e imperios, conquista e colonización.
- Violencia e conflitos armados. O crecemento dos exércitos e a evolución do armamento desde os hoplitas. Os civís durante as guerras.
- Complexidade social e nacemento da autoridade. Desigualdade social e disputa polo poder na Prehistoria e a Antigüidade. O caso galego desde a sociedade castrexa ao reino suevo.
- As persoas invisibilizadas da historia: mulleres, escravos e estranxeiros. Marxinación, segregación, control e submisión na historia da humanidade. Personaxes femininos na historia. A resistencia á opresión.
- A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo antigo: democracias, repúblicas, imperios e reinos. Evolución da teoría do poder.
- As raíces clásicas da cultura occidental. A construción das identidades culturais, da idea de Europa, e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte. A influencia das civilizacións xudía e islámica na cultura europea.
- O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades: politeísmo, monoteísmo e o xurdimento das grandes relixións.
- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social na Prehistoria e na Antigüidade.
- Interpretación do territorio e da paisaxe. A cidade e o mundo rural ao longo da historia: polis, urbes, cidades, vilas e aldeas. A pegada humana e a protección do patrimonio ambiental, histórico, artístico e cultural.
- España e Galicia no tempo e a súa conexión cos grandes procesos da historia da humanidade. O legado histórico e o acervo cultural na formación das identidades colectivas.
- Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. Diversidade e riqueza cultural. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial.
- Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora.
- Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas.
- Conservación e defensa do patrimonio histórico, artístico e cultural.
- Seguridade viaria e mobilidade segura, saudable e sustentable. O espazo público.

UD	Título da UD	Duración
9	Roma	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos históricos, contrastando e valorando fontes diversas.	Coñecer a pegada romana en Galicia	PE	80
CA3.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Coñecer principais acontecementos históricos da historia de Roma		
CA3.6 - Argumentar e intervir sobre a igualdade real de homes e mulleres actuando en contra de calquera actitude e comportamento discriminatorio por razón de xénero.	Coñecer a sociedade romana.		
CA1.5 - Identificar os principais problemas, retos e desafíos aos que se enfrontou a humanidade ao longo da historia, os cambios producidos, as súas causas e consecuencias, así como os que, na actualidade, debemos formular e resolver arredor dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Acercamento a historia de Roma con diferentes textos	TI	20
CA2.2 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Prehistoria e a Idade Antiga, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas.	Acercamento crítico a historia de Roma con diferentes textos		
CA2.8 - Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia antiga, coas diversas identidades colectivas que se foron construindo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal.	Rexistrar herdanzas romanas na actualidade		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información. - Sociedade do coñecemento. Introducción aos obxectivos e estratexias das Ciencias Sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais. - Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. A visión dos dilemas do mundo actual, punto de partida para o pensamento crítico e o desenvolvemento de xuízos propios. - Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico. - As fontes históricas e arqueolóxicas como base para a construción do coñecemento histórico. Obxectos e artefactos como fonte para a historia e o legado material. O significado dos arquivos, bibliotecas e museos e do legado histórico e cultural como patrimonio colectivo. - Análise interdisciplinar da orixe do ser humano e do nacemento da sociedade. Grandes migracións humanas e o nacemento das primeiras culturas. - Condicionantes xeográficos e interpretacións históricas do xurdimento das civilizacións. As grandes rutas comerciais e as estratexias polo control dos recursos: talasocracias e imperios, conquista e colonización. - Violencia e conflitos armados. O crecemento dos exércitos e a evolución do armamento desde os hoplitas. Os civís durante as guerras. - Complexidade social e nacemento da autoridade. Desigualdade social e disputa polo poder na Prehistoria e a

Contidos

- Antigüidade. O caso galego desde a sociedade castrexa ao reino suevo.
- As persoas invisibilizadas da historia: mulleres, escravos e estranxeiros. Marxinación, segregación, control e submisión na historia da humanidade. Personaxes femininos na historia. A resistencia á opresión.
- A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo antigo: democracias, repúblicas, imperios e reinos. Evolución da teoría do poder.
- As raíces clásicas da cultura occidental. A construción das identidades culturais, da idea de Europa, e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte. A influencia das civilizacións xudía e islámica na cultura europea.
- O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades: politeísmo, monoteísmo e o xurdimento das grandes relixións.
- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social na Prehistoria e na Antigüidade.
- Interpretación do territorio e da paisaxe. A cidade e o mundo rural ao longo da historia: polis, urbes, cidades, vilas e aldeas. A pegada humana e a protección do patrimonio ambiental, histórico, artístico e cultural.
- España e Galicia no tempo e a súa conexión cos grandes procesos da historia da humanidade. O legado histórico e o acervo cultural na formación das identidades colectivas.
- Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. Diversidade e riqueza cultural. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial.
- Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora.
- Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas.
- Conservación e defensa do patrimonio histórico, artístico e cultural.
- Seguridade viaria e mobilidade segura, saudable e sustentable. O espazo público.

4.1. Concrecións metodolóxicas

As liñas de actuación metodolóxica no proceso de ensino e aprendizaxe da materia de Xeografía e Historia que permitan o logro dos obxectivos e unha adecuada adquisición das competencias poden xirar sobre as seguintes propostas.

Trátase de que o alumnado adquira o coñecemento dos feitos e fenómenos xeográficos e históricos nun sentido amplo permitindo relacionalos entre si e detectar as repercusións que estes tiveron no seu momento e aínda teñen no presente.

A organización dos saberes de xeografía e historia, a súa programación e secuenciación poden abordarse desde unha perspectiva cronolóxica ou máis transversal, en función dos obxectivos didácticos e as situacións de aprendizaxe propostas, incidindo na contextualización histórica e xeográfica desde un enfoque multicausal e desde unha perspectiva de estudo comparado. Para iso, pódense priorizar contidos e ir ao esencial para poder traballalos dun xeito operativo, práctico e comprensible.

O papel estrutural dos procesos e contidos diversos, que incorpora campos temáticos, recursos e procedementos de diferentes áreas de coñecemento, confire a esta materia un papel central á hora de establecer estratexias interdisciplinares como o traballo por proxectos incluso ao longo dos catro cursos da etapa, isto permitirá que o alumnado perciba a aprendizaxe dende unha perspectiva conxunta, relacional e global evitando unha visión compartimentada das materias.

O interese aumentará ao ver a aplicación das aprendizaxes, polo tanto, é conveniente contextualizalas e conectalas cos problemas actuais e retos do presente, dende unha perspectiva interpretativa do tempo e comprensiva do espazo, xa que facilita dotar aos contidos de funcionalidade, interese e utilidade para o alumnado e permite crear escenarios diversos nos que desenvolver iniciativas e proxectos en situacións reais para ir propiciando que vaian participando e comprometéndose coa contorna e a comunidade.

O desenvolvemento das competencias son o eixe vertebrador da didáctica docente, por tal motivo, o enfoque

metodolóxico das clases debe ser eminentemente práctico e activo poñendo ao alumnado no reto de resolver as tarefas que se lle propoñen seguindo a máxima de que se aprende facendo. Unha vantaxe da Xeografía e Historia é que o alumando adoita a ter coñecementos previos por experiencias vividas, polo que é preciso aproveitálas para favorecer que siga construíndo a súa aprendizaxe actuando o profesorado de guía e propiciador do progreso dos saberes.

Por suposto, é recomendable establecer unha diversificación dos itinerarios de aprendizaxes, así como a aplicación de criterios de flexibilidade que permitan poñer en acción propostas e iniciativas educativas que favorezan a inclusión. Isto favorecerá a motivación e a participación activa do alumnado e detectar os progresos individuais e grupais sen fixarse só nos resultados. En relación a isto, o profesorado poderá facer emprego de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e que favorezan a capacidade de aprender por si mesmos, o que vai permitir reforzar a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Diversificar metodoloxías, ademais de romper coa rutina, vai axudar a que o docente teña maior perspectiva de coñecemento do alumnado nas diferentes facetas e detectar as dificultades de aprendizaxe que aparezan e, se fora o caso, poñer en práctica os mecanismos de reforzo axeitados (discriminando tarefas, regulando a esixencia, propoñendo alternativas...)

Tamén é conveniente o uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.

Outro aspecto a ter en conta son as dinámicas de grupo xa que a aprendizaxe entre iguais é moi efectiva. Poden propoñerse tarefas a desenvolver de xeito individual, pequeno grupo ou gran grupo buscando o maior rendemento do alumnado e unha maior interacción entre eles. Posteriormente, coa posta en común do traballado estableceríase un diálogo moi enriquecedor para a comprensión dos contidos.

O emprego de mecanismos como a formulación de interrogantes, tormenta de ideas, debates, recreación de feitos, asembleas... facilitan o intercambio de información, o desenvolvemento crítico e a creación dun criterio persoal ou xuízo de valor que conduce á madurez e desenvolvemento dos estudantes.

Así pois, a innovación, o deseño, a actividade, a creatividade son características a contemplar nos métodos que se aplican na aula escapando das clases exclusivamente expositivas que non permiten coñecer as capacidades reais do alumnado, as habilidades, destrezas e intereses.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Mapas, globo terráqueo outras formas de representación de información histórica e xeográfica
Caderno de e actividades. Exercicios propostos sobre cada unidade didáctica
Proxecto Edixgal: libro de texto Netex-Smart
Ordenadores persoais

O Libro Edixgal seguirase nas presentacións expositivas. Tamén será o referente para o estudo das probas escritas. Hoxe en día contamos cunha grande diversidade de recursos pedagóxicos para cada momento didáctico ou metodoloxía a empregar.

O libro de texto é un importante apoio para o profesorado e para o alumnado xa que aglutina todas as unidades que se van traballar ao longo do curso e tamén ofrece diversas e numerosas actividades a desenvolver. Non obstante, débese ter en conta que non debe determinar a función do docente nin a súa metodoloxía, polo que o profesorado, como profesional que é, determinará e xestionará o seu uso. Ademais do libro de texto empregárase material complementario, incluso elaborado polo docente, que se acomode ás oportunidades que se presenten na aula. Así mesmo, o docente pode dispor do seu propio blog didáctico a través do cal pode facer propostas de traballo (visualizar vídeos, realizar actividades interactivas...) que enriquezan a didáctica.

O alumnado disporá dun caderno de traballo onde plasmará as tarefas de xeito ordenado e boa presentación. Dito caderno ou cartafol será unha mostra máis do traballo do alumno e do seu progreso e será revisado ao longo do curso pola profesora.

Logo están os recursos que se ofrecen a través da Aula Virtual que poden realizarse e entregarse a través da plataforma. Así mesmo a Aula Virtual permite ao docente deseñar diferentes tipos de tarefas avaliábles, e

comunicarse co alumnado.

As novelas históricas adoitan ser atractivas para recrear feitos históricos e poden lerse na súa totalidade ou algún capítulo destacable.

En definitiva, deben empregarse diferentes materiais didácticos coa finalidade de diversificar non só a metodoloxía didáctica senón tamén a aprendizaxe individual.

O manexo das TIC son necesarias pois ofrecen moitas vantaxes pero o docente será selectivo no seu emprego e transmitirá ao alumnado a necesidade do uso responsable.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Realizarase unha proba de avaliación inicial nos primeiros días de clase. Esta servirá para coñecer o nivel do que parte o alumnado e detectar posibles necesidades de atención individualizada. Na primeira semana lerán en alto para ver o nivel de lectura e comprensión.

Esta proba será corrixida na seguinte sesión entre os propios compañeiros/as e profesora irá explicando e valorando os diferentes niveis cunha corrección posterior.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	12	11	11	11	11	11	11	11	11	100
Proba escrita	80	80	80	80	80	80	80	80	80	80
Táboa de indicadores	20	20	20	20	20	20	20	20	20	20

Criterios de cualificación:

A avaliación do curso establécese segundo o proceso de avaliación continua e criterios de ponderación a varios niveis. Por unha banda establécese unha ponderación por unidades didácticas, de tal xeito que cada unha delas ten un peso específico no global do curso. Por outra banda os instrumentos de avaliación, probas escritas e táboa de indicadores, réxense por uns criterios de puntuación e así mesmo de ponderación.

O curso de 1º ESO comprende 9 U.D . Por unidades didácticas estableceuse o peso que se lle daba aos instrumentos de avaliación resultando que as probas escritas é do 80% e o das táboas de indicadores un 20%.

A probas escritas puntuaranse nunha escala de 1 a 10 e consistirán na contestación dunha serie de preguntas de diverso formato, por exemplo, poden ser tipo test; de desenvolver; de relacionar conceptos; de identificar e comentar imaxes; de definir termos; etc. Sempre se especificará o valor de cada pregunta, entendendo que se está contestada correctamente levará a puntuación máxima pero, de non ser así, a puntuación diminuirá en consecuencia cuns criterios obxectivos que o docente debe ter previamente fixados. Finalmente a cualificación do exame será o resultado da suma total da puntuación acadada en cada cuestión, valorando a expresión escrita, presentación, etc.

A táboa de indicadores comprenderá todas as tarefas e aspectos procedimentais que se encomenden ao alumnado que poden ser traballos escritos, informes e redaccións, presentacións dixitais, revisión do caderno de clase, resumos, exposicións orais, etc. A/o docente rexistrará no caderno do profesor/a a tipo e cualificación destas tarefas.

A nota da avaliación será o resultado de:

$$\text{Nota avaliación} = [(\text{Media Ex.} \times 80) + (\text{táboa de indicadores} \times 20)] / 100.$$

A avaliación estará aprobada cando a cualificación resultante sexa 5 ou superior. Se a/o docente observa que o alumno ou alumna aprobou a avaliación pero ten algunha parte ou tema pouco afianzado, poderá poñerlle algún traballo de reforzo. No caso de resultar unha avaliación negativa levarase a cabo un plan de recuperación.

Para a cualificación final de curso terase en conta o peso porcentual ou ponderado que se lle aplicou ás unidades de cada avaliación, polo tanto será o resultado de:

$$\text{Nota final} = [(\text{Nota 1ª aval.} \times 32) + (\text{Nota 2ª aval.} \times 34 + (\text{Nota 3ª aval.} \times 34))] / 100.$$

- O alumnado que non asista a segunda proba de cada avaliación parcial (fixada por Dirección) presentará xustificación ao profesor/a da materia e este, despois da súa valoración fixará unha data o máis próxima posible para a realización do exame.

Recuperación

Realizaranse tres avaliacións parciais e recuperación das dúas primeiras.

Farase unha proba escrita de recuperación trala primeira e segunda avaliación sobre os contidos non superados polo/a alumno/a que se cualificará nunha escala de 1 a 10 (especificando en cada pregunta o seu valor)

Se a media das tres avaliacións (ou recuperacións) é superior a 5 o alumno/a terá superada a materia. De non ser así, o alumnado coa terceira avaliación suspensa realizará unha proba de recuperación na data establecida pola dirección para recuperacións antes da avaliación final, nesta mesma data poderá facer unha proba das recuperacións que aínda teña suspensas suspensas (1ª avaliación e/ou 2ª avaliación)

Todo o traballo será guiado pola/o docente e este estará en disposición de realizar as aclaracións e correccións que sexan pertinentes para promover unha recuperación positiva.

Si a profesora detectara de maneira evidente e indubidable que un alumno/a utiliza medios inadmisibles e ilexítimos (analóxicos ou electrónicos) para realizar probas obxectivas(exames) ou traballos propostos tomando vantaxe así sobre o resto da aula, anulará o exercicio dese alumno/a e o cualificará con 0. Dará conta do feito á Titoría do curso, Xefatura de estudos e á familia.

Criterios de recuperación:

Realizaranse tres avaliacións parciais e recuperación das dúas primeiras.

Farase unha proba escrita de recuperación trala primeira e segunda avaliación sobre os contidos non superados polo/a alumno/a que se cualificará nunha escala de 1 a 10 (especificando en cada pregunta o seu valor)

Se a media das tres avaliacións (ou recuperacións) é superior a 5 o alumno/a terá superada a materia. De non ser así, o alumnado coa terceira avaliación suspensa realizará unha proba de recuperación na data establecida pola dirección para recuperacións antes da avaliación final, nesta mesma data poderá facer unha proba das recuperacións que aínda teña suspensas suspensas (1ª avaliación e/ou 2ª avaliación)

Todo o traballo será guiado pola/o docente e este estará en disposición de realizar as aclaracións e correccións que sexan pertinentes para promover unha recuperación positiva.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Contidos básicos a reforzar e criterios de avaliación:

1ª PARTE (EXAME NOVEMBRO):

- Representación da Terra. A Terra no sistema solar. Sistemas de coordenadas. Localización. Latitude e lonxitude.
- Clima: elementos e factores. Diversidade climática no planeta.
- Medio físico do mundo e de Europa: relevo e hidrografía.
- Medio natural: áreas e problemas ambientais.

2ª PARTE (EXAME FEBREIRO):

- O tempo histórico
- Evolución das especies e a hominización.
- Paleolítico: etapas; características das formas de vida; cazadores colectores.

- Neolítico: revolución agraria e expansión das sociedades humanas; sedentarismo; artesanía e comercio; organización social.
- Aparición dos ritos: restos materiais e artísticos; pintura e escultura. O megalitismo.
- Idade Antiga: primeiras civilizacións urbanas. Mesopotamia e Exipto. Sociedade, economía e política.
- Idade Antiga: invención da escritura.
- Idade Antiga: historia de Exipto. relixión exipcia.
- Arte en Mesopotamia e Exipto
- Mundo clásico. Grecia: expansión comercial e política das polis gregas.
- Mundo clásico: orixe e etapas da historia de Roma. República e imperio: organización política e expansión colonial polo Mediterráneo.

Estratexias metodolóxicas que se empregarán:

- Entrega de actividades e seguimento semanal pola profesora.

Recursos (material de aula, caderniño, recursos TIC, etc)

- A profesora prestará se é posible, libros de texto que servirán como material de apoio para a realización de actividades ou indicará webs que servirán de apoio para a realización das actividades propostas.

Tarefas e actividades a realizar e temporalización das mesmas:

- Na última semana de setembro entréganse as actividades para todo o curso. O alumno presentarlle a profesora semanalmente algunhas, a medida que as vaia realizando e serán corrixiadas.
- O día do exame parcial (novembro ou febreiro) entregará as actividades que correspondan.

Instrumentos de avaliación (traballos regulares, exposicións, etc):

- Actividades referidas a cada unha das dúas partes nas que se dividen os contidos. Serán entregadas na data do exame correspondente.
- Dous exames nas datas establecidas pola xefatura de estudos.
- A avaliación de cada parte será da cualificación dos dous anteriores criterios.
- A parte ou partes suspensas poderán recuperarse nun exame no mes de abril e se persiste a circunstancia no mes de xuño. Nestes últimos casos o exame sería o 100% da cualificación.

Cualificación:

Traballos: 20%
Probas escritas: 80%

6. Medidas de atención á diversidade

Para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, estableceranse as medidas curriculares e organizativas necesarias para que poida acadar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e competencias establecidas en cada etapa. Estas medidas garantirán que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo polos principios de normalización e inclusión e a intervención educativa precisa derivada desa valoración

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación cívico-social	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Educación ambiental			X	X	X			
ET.3 - Educación para a igualdade						X	X	X
ET.4 - Emprendemento						X	X	X
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Obxectivos de Desenvolvemento Sostible					X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz						X	X	X
ET.8 - Educación para o consumidor						X	X	X

	UD 9
ET.1 - Educación cívico-social	X
ET.2 - Educación ambiental	
ET.3 - Educación para a igualdade	X
ET.4 - Emprendemento	X
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita	X
ET.6 - Obxectivos de Desenvolvemento Sostible	X
ET.7 - Educación para a paz	X
ET.8 - Educación para o consumidor	X

Observacións:

Traballárase especialmente a comprensión lectora oral e escrita a través da lectura de textos en diferentes formatos.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita Parque arqueolóxico de Campo Lameiro	Visita guiada e realización de obradoiros.		X	
Desenvolvemento do Plan Anual de lectura	Participación nas actividades propostas desde o departamento e a biblioteca	X	X	X

Observacións:

.Participar e /ou propoñer actividades na Semana Cultural que se relacionen coa materia.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.hai coherencia entre a programación e o desenvolvemento da programación (explicáronse os contidos programados, realizáronse as actividades previstas, avaliouse como estaba especificado, etc.) Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo dentro do grupoO nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado..
Metodoloxía empregada
Conseguíuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.
Medidas de atención á diversidade
. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con Atención á diversidade. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.
Clima de traballo na aula
Conseguíuse motivar para lograr a actividade intelectual do alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.Mantívoose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.

Descrición:

Rúbrica de avaliación da práctica docente a cubrir polo propio docente:

Indicador de logro: niveis do un ao catro.

1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual do alumnado.
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con Atención á diversidade.
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo dentro do grupo.

Rúbrica de avaliación da práctica docente a cubrir polo alumnado

Indicador de logro: niveis do un ao catro.

Coherencia coa programación: hai coherencia entre a programación e o desenvolvemento da programación (explicáronse os contidos programados, realizáronse as actividades previstas, avalíouse como estaba especificado, etc.)

Tempo e carga de traballo: a distribución temporal é adecuada (dá tempo ao desenvolvemento dos contidos e a realización das actividades) e a carga de traballo non é nin escasa nin excesiva

Dificultade: o nivel de dificultade é o correcto. As explicacións resultanme comprensibles e parten dos meus coñecementos previos. As actividades non resultan excesivamente difíciles seguindo as pautas e instrucións do equipo docente

Metodoloxía: a metodoloxía aplicada tivo en conta o meu ritmo de aprendizaxe e as miñas necesidades. Foi variada.

Seguimento: creo que houbo un seguimento individualizado do alumnado por parte do equipo docente, tanto na avaliación como na atención ás dificultades e dúbidas

Adecuación das actividades: as actividades permitiron integrar, consolidar e reforzar a comprensión dos contidos e desenvolver competencias e habilidades

Motivación: as clases e actividades resultáronme motivadoras e interesantes, e iso favoreceu a miña aprendizaxe

Implicación: impliqueime nas realización das actividades e participei nas explicacións, formulando preguntas e respondendo as eventuais cuestións do equipo docente

Cualificación: a cualificación tivo en conta axeitadamente o meu nivel de coñecementos, capacidades e o meu esforzo (é dicir, creo que a nota foi xusta co meu desempeño)

Significatividade da aprendizaxe: considero que o aprendido é significativo, que me permite comprender mellor certos aspectos da miña realidade e que podo aplicalo a aspectos da miña vida cotiá

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Teranse en conta os resultados das enquisas anteriores para elaborar modificacións.

Manteranse reunións de departamento para analizar a implementación da programación.

9. Outros apartados